

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: extraordinaria

NÚMERO: 2022/14

DATA: martes 27 de decembro de 2022

LUGAR: Salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:12 h

HORA DE REMATE: 20:52 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA PATRICIA SÁNCHEZ CASTELO, que redacto esta acta.

ASISTEN

BNG
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA
JOSÉ VÁZQUEZ GONZÁLEZ
RAQUEL GARCIA ABUIN
TOBIAS BETANZOS REGO
PP
FRANCISCO RUBIO VICENTE
ALICIA CAROU ROMERO
PSdeG-PSOE
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑÍZ
Rianxo en Común-SON
JULIO ALCALDE HERMO
JULIAN BUSTELO ABUIN
Ciudadanos
SARA MARÍA RESUA PATIÑO

AUSENTES

BNG
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
PP
GERMAN ALLUT VIDAL
MARIANO JOSÉ MOARES RIAL

ORDE DO DÍA

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 475.300 exp. 2022/G010/000014

1. MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN 27ª DO ORZAMENTO PRORROGADO: NOVA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ASOCIACIÓN RIANXEIRA DE EMPRESARIOS (ARE)

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2022/G010/000014 e identificado pola pegada dixital:

d72974cfe9d03a881f0486611190fd81c494c01729eb59b7d1a372cd5e24dd85

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=sj1qri4yCH4>

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

1 MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN 27ª DO ORZAMENTO PRORROGADO: NOVA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ASOCIACIÓN RIANXEIRA DE EMPRESARIOS (ARE)

Dáse lectura da proposta presentada:

Resolución das alegacións e aprobación definitiva da modificación da base de execución 27ª do Orzamento prorrogado para a previsión dunha nova subvención nominativa

Expte.: 2022/G014/000002

O 27/10/2022 o Pleno acordou aprobar inicialmente a modificación da base 27ª das Bases de Execución do Orzamento (BEO), con fin de incluír a seguinte subvención nominativa:

Entidade beneficiaria	Asociación Rianxeira de Empresarios
NIF	G15260979
Obxecto da subvención	Mantemento de mercarianxo.gal e outras actuacións de dinamización do comercio local
Importe da subvención	16.000 €
Gasto mínimo a xustificar	16.000 €. No caso de recibir outras subvencións, deberase xustificar como mínimo a suma de todas elas, incluída a municipal
Aplicación orzamentaria	433.48990
Tipo de pagamento	Despois da aprobación da conta xustificativa

Prazo para a xustificación	Ata o 10/12/2022
Compatibilidade con outras subvencións	Si. Sempre que se xustifique con facturas un importe que sexa como mínimo da suma das subvencións recibidas

O período de exposición pública iniciouse o 04/11/2022, tras a publicación no BOP do anuncio da antedita aprobación, e finalizou o 25/11/2022.

O 02/12/2022 o persoal do Rexistro Municipal emitiu un informe indicando que consta a entrada dunha alegación referida a este expediente:

- Terceiro que presenta a alegación: Asociación de Comerciantes de Servizos e Hostalería "Somos Rianxo"
- Núm. Rexistro: 202299900002103
- Data de presentación: 09/11/2022

O 21/12/2022 a Intervención emitiu o seu informe sobre a posible admisión e/ou estimación da alegación, concluíndo que *procede* que o Pleno non admita a alegación presentada por non axustarse a ningún dos supostos de alegación previstos no artigo 170.2 TRLFL e, polo tanto, aprobar definitivamente a modificación da base 27ª das BEO nos mesmos termos que a aprobación inicial.

O artigo 169.1 TRLFL, relativo á tramitación do expediente, establece que no caso de que se presentasen alegacións ao orzamento no período de exposición pública, o Pleno disporá dun mes para resolvelas. O artigo 20 RO engade que este prazo dun mes entenderase contado a partir do día seguinte á finalización da exposición ao público e que as reclamacións entenderanse denegadas, en calquera caso, se non se resolvesen no acto de aprobación definitiva.

Á vista do exposto, PROPOÑO

PRIMEIRO

Non admitir a alegación presentada o 09/11/2022 co núm. 202299900002103, pola Asociación de Comerciantes de Servizos e Hostalería Somos Rianxo, por non axustarse aos motivos de alegacións taxados no artigo 170.2 do texto refundido da Lei das facendas locais.

SEGUNDO

Aprobar definitivamente a modificación da base de execución 27ª do Orzamento nos mesmos termos que na aprobación inicial.

TERCEIRO

Publicar o anuncio desta aprobación definitiva no BOP no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 9 votos a favor (5 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE), catro votos en contra (dos 2 membros do grupo PP e 2 membros de Rianxo en Común) e unha abstencións do membro do grupo Ciudadanos, dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta